



Versión 01.07.2019

PROXECTO DE DECRETO .../2019 polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Exposición de motivos

A disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a disposición transitoria segunda do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se establece o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establecen as previsións necesarias para facer posible a funcionarización do persoal laboral fixo que realiza funcións ou desempeña postos de traballo de persoal funcionario, co fin de regularizar unha situación insostible no marco da nova lexislación do emprego público e facelo con pleno respecto dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e sen mengua dos dereitos das persoas traballadoras afectadas.

Cómpre manifestar que ao persoal laboral fixo que, a consecuencia do proceso de funcionarización adquira a condición de persoal funcionario de carreira e se manteña no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización, garántenselle as retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, excluídos os conceptos derivados de antigüidade. A diferenza de retribucións entre funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización pero tenderase que a través das retribucións básicas e complementarias asignadas ao posto de traballo no que se produza a funcionarización o complemento de funcionarización sexa o máis excepcional posible.

O presente Decreto ten por obxecto posibilitar o cumprimento das normas establecidas nas devanditas leis en canto aos postos que deben ser cubertos por persoal funcionario, os principios





Versión 01.07.2019

de organización, racionalización e ordenación do persoal, así como homoxeneizar o réxime xurídico e condicións de traballo aplicables a este, co fin de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Así mesmo, recolle as liñas xerais do disposto no acordo de concertación do emprego público de Galicia, asinado o pasado 15 de xaneiro de 2019 coas Organizacións Sindicais CCOO e UGT , publicado para xeral coñecemento e efectividade no Diario Oficial de Galicia do 28 de xaneiro de 2019 (DOG núm. 19).

O Decreto consta de oito artigos, dúas disposicións transitorias, dúas disposicións adicionais, unha disposición derradeira e un anexo.

O artigo 1 regula o seu obxecto, isto é, posibilitar que, o persoal laboral fixo que reúna determinados requisitos, poida adquirir a condición de persoal funcionario de carreira.

O artigo 2 establece o seu ámbito de aplicación.

O artigo 3 regula os requisitos e condicións de participación nos procedementos de funcionarización que se convoquen, establecendo que esta participación ten un carácter voluntario.

O artigo 4 regula o contido dos procedementos de funcionarización.

O artigo 5 establece os efectos da funcionarización do persoal.

O artigo 6 regula os efectos da non funcionarización do persoal, ben por non superar o correspondente proceso selectivo ou pola súa decisión de non participaren nos mesmos.

O artigo 7 establece o concepto de promoción interna vertical cruzada.

O artigo 8 regula as comisións dos procesos de funcionarización.





Versión 01.07.2019

O artigo 9 establece os postos de persoal laboral susceptibles de ser clasificados como de persoal funcionario.

A disposición adicional primeira regula os procedementos de funcionarización do persoal laboral en situación de excedencia voluntaria.

A disposición adicional segunda regula procedementos de funcionarización do persoal laboral fixo procedente de entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia.

A disposición transitoria primeira regula o suposto do persoal que se atope en situación de excedencia voluntaria.

A disposición transitoria segunda regula o encadramento provisional do persoal con categoría provisional equivalente ao Grupo B.

A disposición derradeira establece o prazo de entrada en vigor.

Finalmente o Decreto contén un Anexo I no que se establecen as equivalencias entre as categorías profesionais recollidas no V Convenio Colectivo e os corpos e escalas de persoal funcionario de carreira.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Facenda, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34.5 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, cos informes xxx e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do xxx

Artigo 1. Obxecto.

A finalidade do presente Decreto é a de posibilitar que o persoal laboral fixo incluído no ámbito





Versión 01.07.2019

de aplicación do Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, que reúna os requisitos legais para ou ingreso no Corpo, Escala ou Especialidade e que ocupe postos clasificados de persoal funcionario ou se acorde clasificalos como tales nas correspondentes relacións de postos de traballo (en adiante RPT), adquira a condición de persoal funcionario de carreira dende o posto de traballo no que estea prestando servizos ou dende o posto que teña reservado como persoal laboral ou que se atope na situación de excedencia para o coidado de fillos e fillas menores de 3 anos, excedencia para o coidado de familiares ou excedencia por razón de violencia de xénero sobre a muller, excedencia por incompatibilidade ou en excedencia voluntaria.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

1. Poderá concorrer aos procesos de funcionarización regulados neste decreto o seguinte persoal incluído dentro do ámbito de aplicación do Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia:

- a) Persoal laboral fixo da Administración xeral ou do sector público autonómico incluído dentro do artigo 45 a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en situación de servizo activo que estea adscrito a un posto de traballo clasificado nas relacións de postos de traballo como de persoal funcionario ou a un posto clasificado como de persoal laboral susceptible de selo como de persoal funcionario de carreira de acordo co disposto nesta norma.
- b) O persoal laboral fixo que se atope na situación de excedencia para o coidado de fillos e fillas menores de 3 anos, excedencia para o coidado de familiares ou excedencia por razón de violencia de xénero sobre a muller.
- c) O persoal laboral fixo dos sectores definidos na letra a que se atopen nas situacións de excedencia forzosa, de suspensión de contrato, con ou sen reserva de posto de traballo, sempre que:
 - O posto reservado estea clasificado nas relacións de postos de traballo como de persoal funcionario de carreira ou como de persoal laboral susceptible de selo como de persoal funcionario de carreira de acordo co disposto na presente norma.





Versión 01.07.2019

- Pertenza a unha das categorías previstas neste decreto como susceptibles de funcionarización, no caso de non ter posto de traballo reservado.
 - d) O Persoal laboral fixo en situación de excedencia voluntaria ou por incompatibilidade ou en situación de servizos noutra Administración Pública nos termos establecidos na Disposición Adicional Primeira e Disposición Transitoria Única deste Decreto.
 - e) O persoal fixo discontinuo de contrato cunha duración igual ou superior a 9 meses ao ano.
 - f) O persoal laboral fixo ao que se lle adxudicase un posto de traballo ao abeiro do disposto no artigo 7.4 do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, así como o persoal laboral fixo ao que se lle adxudicase un posto de traballo ao abeiro do artigo 7.4 b) do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, producíndose a súa funcionarización dende a categoría profesional na que foron recolocados e sen prexuízo da compatibilidade ou non da correspondente pensión de incapacidade que tivesen recoñecida.
2. Por contra, queda expresamente excluído dos procesos de funcionarización:
- a) O persoal laboral das entidades do artigo 45.b) da Lei 16/2010, **do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda deste Decreto.**
 - b) O persoal laboral que presta servizos, tanto na Administración xeral como nas entidades do sector público autonómico, ao abeiro dun contrato de alta dirección suscrito de conformidade co artigo 2.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, que non estea incluído dentro dalgunha das situacións previstas no punto 1 deste artigo.
 - c) O persoal laboral fixo adscrito a postos de natureza fixa discontinua cun período de actividade ao ano inferior aos nove meses.
3. De conformidade co disposto na disposición adicional **primeira** deste Decreto, poderase realizar, de xeito excepcional e por unha soa vez, unha convocatoria separada de funcionarización para persoas que se atopen como persoal laboral fixo na situación de excedencia voluntaria ou de excedencia por incompatibilidade nalgunha das categorías previstas neste decreto como





Versión 01.07.2019

susceptibles de funcionarización e teñan acreditado un mínimo dun ano de servizos efectivos prestados na respectiva categoría no caso de atoparse en excedencia voluntaria.

4.As distintas RPT's serán adaptadas, no caso de reclasificación xudicial, á realidade xurídica das persoas ocupantes para que a funcionarización se produza dende a categoría profesional que posúa a persoa empregada pública, agás no suposto de reclasificación xudicial nalgunha categoría profesional declarada a extinguir no Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Artigo 3. Normativa, requisitos e condicións de participación nos procedementos de funcionarización.

1.Os procedementos de funcionarización establecidos na presente norma rexeranse con carácter xeral polo disposto neste Decreto, así como polo disposto na normativa aplicable para a selección de persoal funcionario de carreira.

2.As convocatorias dos procedementos de funcionarización realizaranse de forma autónoma e específica, a través dunha quenda denominada "Prazas afectadas polo proceso de funcionarización ao Corpo, Escala ou Especialidade ...", no que só poderán participar aquelas persoas aspirantes que reúnan os requisitos establecidos no seguinte apartado.

As convocatorias incluírán un Anexo (buzón de postos) no que se identificarán polo seu código os postos de persoal laboral fixo obxecto da convocatoria de funcionarización. Así mesmo, en aras dos principios de eficiencia e celeridade poderán acumularse nunha única convocatoria varios procedementos de funcionarización correspondentes a distintos Corpos, Escalas ou Especialidades.

As convocatorias dos procedementos de funcionarización realizaranse, con carácter xeral, por categorías profesionais completas, sempre que os postos obxecto das mesmas se atopen incluídos na correspondente Oferta Pública de Emprego. Non obstante, poderán realizarse varias convocatorias sobre a mesma categoría profesional, cando existan nela persoas que non posúan a titulación esixida para o acceso ao Corpo ou Escala ou cando algunha das persoas interesadas non se puidese presentar ao procedemento de funcionarización convocado por causa xustificada de forza maior.

En consecuencia, o procedemento de funcionarización de cada categoría profesional incluída no





Versión 01.07.2019

Anexo deste Decreto, entenderase rematado cando se produza a funcionarización de todo o persoal que forme parte da devandita categoría.

3. Requisitos e condicións de participación.

a. Poderá participar para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira no procedemento de funcionarización que se convoque ao efecto para o acceso ao Corpo, Escala e, no seu caso, Especialidade, ao que está adscrito o seu posto de traballo o persoal laboral fixo comprendido no ámbito de aplicación sinalado no artigo segundo deste Decreto, que ocupe posto clasificado na correspondente RPT como posto funcional ou que se acorde que o posto é desta natureza.

b. As persoas aspirantes deberán reunir o resto dos requisitos que resulten esixibles con carácter xeral e os específicos establecidos para o acceso ao Corpo, Escala ou Especialidade de que se trate. En todo caso, deberán estar en posesión ou en condicións de obter a titulación académica requirida, así como da titulación específica que proceda cando unha disposición así esixa ou se desprenda ineludiblemente da natureza e características da actividade desenvolvida.

c. Todos os requisitos deberán posuírse na data de expiración do prazo de presentación de solicitudes para a participación no correspondente proceso selectivo e manterse ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira, con excepción de da inclusión no catálogo de postos de traballo susceptibles de funcionarización que deberá cumprirse no momento en que produza os seus efectos o devandito catálogo.

d. A participación nos procedementos de funcionarización será en todo caso voluntaria, polo que, correspóndelle a cada persoa traballadora, que reúna os requisitos de admisión, decidir libremente sobre a súa participación no mesmo. O feito de atoparse clasificado na RPT ou acordado que ese posto debe ser funcional e a posesión do resto dos requisitos esixidos non xera dereito algún á adquisición da condición de persoal funcionario, sendo o único sistema válido para obter tal vinculación xurídica a superación do proceso selectivo convocado para o efecto.

4. No caso de participación nos procedementos de funcionarización de persoas que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero habilitaranse as medidas necesarias para garantir a protección dos seus datos persoais.

Artigo 4. Contido dos procedementos de funcionarización.





Versión 01.07.2019

1. O procedemento de funcionarización consistirá na superación dun exame tipo test e unha fase de concurso de méritos.
2. A Consellería de Facenda impulsará as medidas oportunas para facilitarlles ás persoas interesadas a formación necesaria para que concorran ás probas previstas neste artigo nas condicións máis idóneas.
- 3.- Na fase de concurso, que puntuará ao máximo legal permitido, poderanse ter en conta os procesos superados para ou acceso a categoría de persoal laboral fixo, os anos de servizos prestados na administración no posto de persoal funcionario ou que se teña acordado funcionarizar, así como os cursos de formación e perfeccionamento impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Academia Galega de Seguridade Pública, escolas oficiais de formación do Estado e das restantes comunidades autónomas, e cursos impartidos no marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), **así como cursos impartidos polas organizacións sindicais sempre que estean homologados por unha das escolas oficiais de formación anteriormente citadas.**

Artigo 5. Efectos dos procedementos de funcionarización.

1.-Persoal laboral que supere o procedemento de funcionarización :Adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.

a. O persoal laboral fixo, que supere o procedemento de funcionarización, poderá adquirir a condición de persoal funcionario de carreira, de acordo cos requisitos e o procedemento establecido pola normativa xeral de aplicación, coas peculiaridades previstas neste Decreto.

b. No prazo de presentación polas persoas aspirantes da documentación acreditativa de que reúnen os requisitos esixidos para o nomeamento como persoal funcionario de carreira, e de conformidade co Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, subscribirase un acordo de extinción do contrato de traballo, condicionado á toma de posesión como persoal funcionario de carreira, tras a cal quedará extinguida a súa vinculación laboral coa Xunta de Galicia, procedéndose, de oficio, pola Dirección Xeral da Función Pública á realización das correspondentes anotacións no Rexistro de Persoal. O devandito persoal conservará as excedencias concedidas noutras categorías laborais s antes da adquisición da súa condición de funcionario de carreira.





Versión 01.07.2019

2.-Efectos da toma de posesión.

a. A toma de posesión como persoal funcionario de carreira efectuarase con carácter definitivo no mesmo posto que se viñese ocupando como persoal laboral, na data que se sinale para o efecto na resolución pola que se acorde o nomeamento. Dende o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira, seralle de plena aplicación para todos os efectos a normativa xeral en materia de función pública da Comunidade Autónoma.

Aquel persoal que supere o correspondente procedemento de funcionarización dende un destino con carácter provisional tomará posesión como persoal funcionario de carreira con ese carácter.

O persoal laboral fixo cuxo posto ou categoría profesional sexa clasificado como de persoal funcionario e que se atope nalgún dos supostos legais ou convencionais de suspensión do contrato con reserva do posto de traballo, que cumpra os requisitos establecidos no artigo 3.3 deste Decreto, poderá participar no correspondente procedemento de funcionarización.

b. A toma de posesión implicará a renuncia voluntaria da condición de persoal laboral na categoría profesional dende a que se funcionariza, manténdose nas demais categorías, de ser o caso, na situación administrativa que teñan recoñecida.

c. Conforme ao disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración Pública, e na súa normativa de desenvolvemento, para os efectos do cómputo da antigüidade, recoñeceranse indistintamente a totalidade dos servizos prestados en calquera Administración Pública.

d. O persoal laboral fixo só poderá funcionarizarse no posto do corpo, grupo ou escala obxecto de funcionarización ao que equivale a súa categoría, sen prexuízo do disposto no artigo 2.4 deste Decreto para o persoal laboral que se atope nalgunha categoría profesional declarada a extinguir no Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

O posto no que se funcionariza o persoal fixo discontinuo de contrato cunha duración igual ou superior a 9 meses ao ano é o que ocupe no momento de resolución do proceso de funcionarización, agás que o mesmo teña outro titular con carácter definitivo, suposto este, no que se funcionarizará no seu destino definitivo da mesma categoría obxecto de funcionarización á que concorre. Igual medida para postos análogos podería adoptarse pola Dirección Xeral da Función





Versión 01.07.2019

Pública, oídas as organizacións sindicais, para o resto das persoas ocupantes de postos con destino non definitivo.

e. As bases das convocatorias dos correspondentes procedementos de funcionarización poderán establecer medidas para que a toma de posesión soamente teña efectos de carácter administrativo.

3.-Retribucións do persoal laboral funcionarizado.

a. O persoal laboral fixo que supere o correspondente procedemento de funcionarización, a partir da toma de posesión como funcionario de carreira, pasará a devengar todas as súas retribucións con arranxo ao sistema, conceptos e contías establecidos con carácter xeral para o persoal funcionario de carreira da Comunidade Autónoma.

b. Ao persoal laboral fixo que, a consecuencia do procedemento de funcionarización adquira a condición de persoal funcionario de carreira e se manteña no mesmo posto de traballo obxecto de funcionarización, garántenselle as retribucións brutas anuais fixas na súa contía e periódicas na súa devindicación, excluídos os conceptos derivados de antigüidade e **excluídos os importes correspondentes ao complemento de carreira profesional que tivese recoñecido**, que estaba a percibir como laboral fixo, se estas fosen superiores ás que lles correspondan como persoal funcionario de carreira, mentres permaneza nese destino ou pase mediante calquera procedemento de mobilidade a un posto de traballo da mesma tipoloxía cun mesmo réxime de prestación de servizos e cuns complementos iguais na orixinaria clasificación laboral da que trae causa. A diferenza de retribucións entre a condición de persoal funcionario e laboral farase efectiva mensualmente mediante un complemento persoal de funcionarización.

Este complemento non é compensable nin absorbible, salvo que se incrementen as retribucións complementarias deste persoal por algunha causa que non derive dos incrementos anuais que, con carácter xeral, establezan as correspondentes leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

c. Cando o importe establecido para o concepto de trienio do correspondente grupo/subgrupo de persoal funcionario sexa inferior ao importe fixado para o concepto de trienio de persoal laboral, recoñecerase un complemento persoal para o persoal laboral funcionarizado pola contía correspondente a diferenza entre ambos conceptos.-





Versión 01.07.2019

O persoal que se funcionarice seguirá percibindo en concepto de antigüidade a mesma cantidade que estaba percibindo como laboral fixo nun concepto na nómina á marxe do complemento de funcionarización. Ademais o primeiro trienio que se perfeccione como funcionario non terá unha contía inferior ao que se percibiría como laboral.

d. Coa adquisición da condición de persoal funcionario de carreira consolidarase a percepción do complemento da carreira profesional que tivese recoñecido.

Artigo 6. Situación do persoal laboral que non supere os procedementos de funcionarización.

1. O persoal laboral fixo incluído no ámbito de aplicación establecido no artigo 2 cuxo posto estea clasificado como de persoal funcionario de carreira na correspondente RPT , que non supere o procedemento de funcionarización ou opte voluntariamente por non participar no mesmo, continuará no posto de traballo que está desempeñando ou no que teña reservado cando reingrese, sen que se modifique a súa natureza xurídica.

2. Este persoal conservará os dereitos que se deriven da súa condición de persoal laboral fixo, sen menoscabo das súas expectativas de mobilidade e promoción profesional naqueles postos de traballo de natureza laboral existentes no ámbito de aplicación do Convenio Colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.

3. As convocatorias dos procedementos de funcionarización deberán regular os efectos da súa non superación. En todo caso, non procederá a devolución dos importes percibidos polo complemento de carreira profesional nos supostos nos que a persoa interesada non poida funcionarizarse por extinguirse a súa relación con anterioridade a realización do correspondente procedemento de funcionarización.

Artigo 7.- Promoción interna vertical cruzada.

Poderán establecerse convocatorias de promoción interna vertical cruzada, que consistirán no acceso dende unha categoría profesional de persoal laboral a un corpo ou escala de persoal funcionario de carreira, que requira para o seu desempeño unha titulación superior a aquela.

Artigo 8.- Comisión de Funcionarización.

1.-Dependendo da Dirección Xeral da Función Pública crearase unha comisión de





Versión 01.07.2019

Funcionarización, integrada por un máximo de nove persoas, funcionarias de carreira, designadas pola persoa titular da Consellería competente en materia de Función Pública, unha das cales será designada para realizar as funcións correspondentes á presidencia e outra para as funcións de secretaria, con voz e voto. Tanto a persoa que teñan atribuídas as funcións de presidencia como as de secretaria serán designadas entre o persoal adscrito á Dirección Xeral da Función Pública. As persoas que formen as vogalías serán designadas entre persoal funcionario de carreira. A composición da comisión de funcionarización adecuarase ao criterio de paridade entre homes e mulleres.

2.-Corresponde á comisión de funcionarización:

a) Realizar os procedementos de funcionarización de todas as categorías profesionais recollidas no Anexo deste Decreto, de conformidade coa correspondente Oferta Pública de Emprego. Sendo de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección.

b) Realizar a proposta de nomeamento como persoal funcionario de carreira daquel persoal que supere o correspondente procedemento de funcionarización.

c) Realizar os procedementos de funcionarización previstos na disposición adicional primeira deste Decreto.

d) Así como, aquelas outras funcións que lle sexan atribuídas nas correspondentes convocatorias dos procedementos de funcionarización.

3.-Mediante Orde da persoa titular da Consellería competente en materia de Función Pública, tamén se poderán crear Subcomisións de Funcionarización dentro do ámbito daquelas Consellerías ou Entes cando a especialidade e/ou o número dos postos de traballo obxecto do procedemento de funcionarización ou outras circunstancias organizativas así o aconsellen. Tanto a presidencia como as vogalías das ditas comisións estarán integradas por persoal da consellería en cuestión a proposta da persoa titular. A persoa que teña atribuídas as funcións de secretaria será designada entre o persoal funcionario de carreira.





Versión 01.07.2019

Artigo 9.- Postos de persoal laboral susceptibles de ser clasificados como de persoal funcionario.

Serán susceptibles de ser clasificados como de persoal funcionario os postos de traballo definidos actualmente nas respectivas RPT como de adscrición de persoal laboral dalgunha das categorías recollidas no Anexo I desta norma.

A clasificación como de persoal funcionario realizarase no corpo, escala ou especialidade previsto como equivalente no mencionado anexo.

Disposición Adicional primeira. Procedementos de funcionarización do persoal laboral en situación de excedencia voluntaria.

Mediante Resolución da Dirección Xeral da Función Pública habilitarase un prazo para que o persoal laboral fixo da Xunta, que se atope en situación de excedencia voluntaria, soliciten a súa participación no procedemento de funcionarización correspondente a súa categoría para o persoal que se atope na devandita situación.

Así mesmo, haberá que ter prestado un mínimo **dun ano** de servizo na categoría profesional dende a que se presente á funcionarización dende unha situación de excedencia voluntaria.

Os procedementos de funcionarización do persoal incluído nesta disposición realizaranse a partires dos 5 anos da entrada en vigor deste Decreto.

Disposición Adicional segunda. Procedementos de funcionarización do persoal laboral fixo procedente de entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia.

A funcionarización do persoal laboral fixo das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia producirase logo da súa integración como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia ao abeiro do procedemento previsto no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.

Disposición transitoria primeira. Funcionarización do persoal laboral fixo que se atope en excedencia voluntaria por incompatibilidade ou en situación de servizos noutra Administración Pública.

O persoal laboral fixo, que se atope en situación de excedencia voluntaria por estar prestando servizos noutra corpo, categoría, escala ou especialidade do sector público, poderá optar á funcionarización dende a categoría na que ten concedida a excedencia.

Unha vez rematado o procedemento de funcionarización deberá tomar posesión en posto da escala, corpo ou especialidade na que se funcionarizou.





Versión 01.07.2019

Disposición transitoria segunda.- Encadramento provisional do persoal con categoría provisional equivalente ao Grupo B.

Namentres non se desenvolva regulamentariamente o Grupo B a funcionarización do persoal proposto para adquirir esa condición no dito Grupo producirase no subgrupo C1.

Disposición derradeira única.- Entrada en vigor.

O presente Decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.





Versión 01.07.2019

**ANEXO I. EQUIVALENCIAS ENTRE AS CATEGORÍAS PROFESIONAIS DO
 PERSOAL LABORAL E AS ESCALAS DE PERSOAL FUNCIONARIO**

Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA DE PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE
I - 02: Titulado/a superior médico/a	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia-Escala de Facultativos Especialidade de Medicina (Subgrupo A1)
I - 25: Titulado/a superior médico/a (especialidade medicina deportiva)	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia-Escala de Facultativos Especialidade de Medicina Deportiva (subgrupo A 1)
I - 03: Titulado /a Superior químico/a.	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia-Escala de Ciencias Especialidade de Química (Subgrupo A 1)
I - 10: Titulado /a Superior biólogo/a.	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia-Escala de Ciencias Especialidade de Bioloxía (Subgrupo A 1)
I - 01: Director/a de Residencia. Director /a Centro Educativo. Director/a de residencia xuvenil. Técnico/a Deportivo/a. Xefe/a Internado/a	Corpo Superior da Administración Xeral da C.A. de Galicia (Subgrupo A1)
I - 04: Titulado/a superior	
I - 09: Titulado/a Superior Economista	
I - 14: Titulado/a Superior Sociólogo/a	
I - 19: Titulado/a Superior Especialista. Farmacéutico/a	
I-23: Documentalista	
I - 27: Coordinador/a de actividades externas	
I - 29: Xefe Departamento Persoal e Xestión Económica- Administrativa do IGAEM	
I-31: Titulado/a Superior de Formación Ocupacional	
I - 05: Titulado/a Superior Veterinario/a	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Veterinarios (Subgrupo A 1).
I - 06: Titulado/a superior Psicólogo/a	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Facultativos Especialidade de Psicología (Subgrupo A 1).
I - 11: Titulado/a Superior Pedagogo/a	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Facultativos Especialidade de Pedagogía (Subgrupo A 1).
I - 17: Bibliotecario/a	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Facultativos de Arquivos, Bibliotecas e Museos Especialidade de Bibliotecas (Subgrupo A 1).
I - 18: Licenciado/a Informático/a	Corpo Superior da Administración Xeral da C.A. de Galicia – Escala de Sistemas e Tecnoloxía da Información (Subgrupo A 1)
I-21: técnicos/as en protocolo	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Protocolo e Organización de Eventos (subgrupo A 1)



Versión 01.07.2019

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA DE PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE
	Corpo Superior da Administración Xeral da CA de Galicia (Subgrupo A1)-Escala de Protocolo e Organización de Eventos
I - 37: Titulado Superior Ambiental	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia-Escala de Ciencias Especialidade Medioambiental (Subgrupo A1)
I - 38: Técnico/a Superior en Defensa Contra Incendios	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Enxeñeiros Especialidade de Enxeñería de Montes (subgrupo A 1)
I-40: Titulado/a Superior Lingüística	Corpo Facultativo Superior de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Expertos Lingüistas (subgrupo A1)

GRUPO II

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA DE PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE
II-01 : Director – administrador. Director/a de centro social. Director/a casa xuventude. Director/a de centro. Director/a clínica deportiva. Xefe de servizo administrativo do IGAEM.	Corpo de Xestión da Administración Xeral da C.A. de Galicia (subgrupo A 2)
II-07: titulados/as de grao medio.	
II-21: Monitor/a ocupacional	
II-37: Titulado medio de formación ocupacional	
II-02: ATS. Enfermeiro/a. Practicante. DUE	Corpo Facultativo de Grao Medio de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Técnicos Facultativos Especialidade de Enfermería (subgrupo A 2)
II-06: Educador/a Profesor/a especial	Corpo Facultativo de Grao Medio de Administración Especial da C.A. de Galicia –Escala de Técnicos Facultativos Especialidade de Educadores (subgrupo A 2)
II-11: Fisioterapeuta	Corpo Facultativo de Grao Medio de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Técnicos Facultativos Especialidade de Fisioterapia (subgrupo A 2)
II-13: Logopeda	Corpo Facultativo de Grao Medio de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Técnicos Facultativos Especialidade de Logopedia (subgrupo A 2)
II-17: Asistente/a social	Corpo Facultativo de Grao Medio de Administración Especial da C.A. de Galicia– Escala de Técnicos Facultativos Especialidade de Traballo Social (subgrupo A 2)



Versión 01.07.2019

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA DE PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE
II-20: Terapeuta ocupacional	Corpo Facultativo de Grao Medio de Administración Especial da C.A. de Galicia. – Escala de Técnicos Facultativos Especialidade de Terapia Ocupacional (subgrupo A 2)
II-27: Técnico/a superior diplomado/a en informática	Corpo de Xestión da Administración Xeral da C.A. de Galicia. – Escala de Xestión de Sistemas de Informática (subgrupo A 2)
II-31: Restaurador/a	Corpo Facultativo de Grao Medio de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Restauración (subgrupo A2)
II-39: Técnico/a forestal defensa contra incendios forestais	Corpo Facultativo de Grao Medio de Administración Especial da C.A. de Galicia. – Escala de Enxeñeiros Técnicos Especialidade de Enxeñería Técnica Forestal (subgrupo A2)
II-08: director/a gardarúa	Corpo Facultativo de Grao Medio de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala de Técnicos Facultativos
II-40: Mestre/a especialista en educación infantil	Especialidade Mestre Educación Infantil (subgrupo A 2)
II-41:Técnico ambiental	Corpo Facultativo de Grao Medio – Escala de Enxeñeiros Técnicos Especialidade de Enxeñería Técnica Forestal (subgrupo A2)

GRUPO III

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA DE PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE:
III-02: encargado/a administrativo/a, xefe/a de negociado, xefe/a de administración, xefe 2ª administración, administrador/a, secretario/a administrador/a residencia xuvenil, administrador/a de produción de centros, secretario/a de dirección do IGAEM, axudante/a de dirección e difusión da música, axudante/a de dirección e difusión do CDG	Corpo Administrativo da Administración Xeral da C.A. de Galicia (subgrupo C1) A diferenza entre as actuais categorías sería polo nivel do posto ou o complemento
III-05: Intendente, encargado/a de establecemento, encargado/a de almacén	
III-33: Encargado/a supervisor de telefónica.	
III-40: Axudante/a de produción	
III - 48: Axudante auxiliar inspección tributaria	
III-62: oficial/a 1ª administrativo/a, oficial/a administrativo/a, secretario/a administrativo/a administrativo/a provincial, administrativo/a agrupación, administrativo/a, inspector/a administrativo/a	





Versión 01.07.2019

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA DE PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE:
III-04: Gobernante/a, gobernante servizos domésticos, encargado/a de lavadoiro, roupeiro	
III-78: Subgobernante/a	
III-01: encargado/a equipamentos mecánicos, mecánico/a supervisor/a, encargado/a de talleres e parque maquinaria, inspector/a revisor/a maquinaria, axente auxiliar de inspección	
III-06: xefe/a servizos técnicos, encargado/a mantemento, encargado oficios varios mantemento, xefe/a taller, encargado/a de traballos, especialista de oficios.	Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da C.A. de Galicia – escala técnica de mantemento (subgrupo C1)
III-69: oficial/a de servizos técnicos, oficial/a 1ª mantemento, oficial/a 1ª oficios varios, oficial de primeira.	A diferenza entre as actuais categorías sería polo nivel do posto ou o complemento
III-82: mecánico/a inspector/a, oficial 1ª mecánico/a, técnico/a auxiliar	
III-07: Técnico/a práctico/a en C. E vixilancia de obras, técnico/a	
III-08: Encargado/a xeral.	
III-09: Técnico/a práctico/a en control e vixilancia de obras, explotación e conservación de estradas.	Corpo Administrativo da Administración Xeral da C.A. de Galicia – Escala de Axentes de Inspección
III-23: Celador/a de estradas, capataz de brigada.	Especialidade de Vixilancia de Estradas (subgrupo C1)
III-60: auxiliar técnico/a de obra, auxiliar técnicos de obra TIE.	A diferenza entre as actuais categorías sería polo nivel do posto ou o complemento
III-64: Oficial/a 1ª tractorista. Tractorista. Operador/a maquinaria pesada	
III-67: Capataz de obras, capataz cuadrilla, xefe/a equipo, oficial 1ª obra CTOP, capataz	
III-08: Encargado/xeral (Augas de Galicia)	Corpo Administrativo da Administración Xeral da C.A. de Galicia – Escala de Axentes de Inspección
III-67: Capataz de obras, capataz cuadrilla, xefe/a equipo, oficial 1ª obra CTOP, capataz	Especialidade de Vixilancia Dominio Público Hidráulico (subgrupo C1)
III-11: encargado/a agrario/a	
III-68 oficial primeira agrario, capataz agrario	Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala Técnica de persoal encargado de recursos naturais ou forestais (subgrupo C1)
III-80 : capataz de establecemento	A diferenza entre as actuais categorías sería polo nivel do posto ou o complemento
III-14: Xefe/a de cociña	



Versión 01.07.2019

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA DE PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE:
III-65: oficial primeira de cociña, oficial primeira cociñeiro, xefe/a de cociña, cociñeiro de 1ª	Corpo de axudantes de Carácter Facultativo- Escala Técnica de Cociña (C 1) A diferenza entre ambas actuais categorías sería polo nivel do posto ou o complemento
III-63: Oficial 1ª condutor/, condutores/as 1ª, condutores/as de altos cargos, condutor/a	Corpo de Axudantes de Carácter Facultativo -Escala de condución (C1).
III-17: analista de laboratorio	Corpo de Axudantes de Carácter Facultativo -Escala de Análises de laboratorio (subgrupo C 1)
III-29: Delineante de 1ª	Corpo de Técnicos de Carácter Facultativo de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala Técnica de Delineantes (Grupo B)
III-30: programador/a	Corpo Administrativo da Administración Xeral da C.A. de Galicia - Escala técnica auxiliar de informática (subgrupo C 1)
III-91: técnico/a especialista en informática	A diferenza entre as actuais categorías sería polo nivel do posto ou o complemento
III-49 axente auxiliar de inspección de transportes	Corpo Administrativo da Administración Xeral da C.A. de Galicia- Escala de Axentes de Inspección Especialidade de mobilidade (subgrupo C 1)
III-50: Técnico/a especialista en xardín de infancia (técnicos/as superiores en educación infantil)	Corpo de técnicos de carácter facultativo da Administración Especial da C.A. de Galicia. Escala de Axentes Técnicos Facultativos Especialidade de Xardín de Infancia (grupo B)
III-90: animador/a sociocultural	Corpo de Técnicos de Carácter Facultativo da Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Axentes Técnicos Facultativos Especialidade Animación Sociocultural (Grupo B)
III-100: Bombeiro Forestal Xefe/a de Brigada	Corpo de Técnicos de Carácter Facultativo da Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala Técnica do SPDCIF Especialidade Bombeiro Forestal Xefe de Brigada (Grupo B)

GRUPO IV

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE:
IV-01: Auxiliar gravación, oficial/a 2ª linotipista, auxiliar administrativo/a, oficial/a administrativo/a, técnico/a auxiliar de informática, operador/a maquinaria elemental, auxiliar	Corpo Auxiliar de Administración Xeral da C.A. de Galicia (subgrupo C 2)
IV-22: oficial/a segunda de reprografía	
IV-28: auxiliar produción - dirección	
IV-30: auxiliar de formación ocupacional	
IV-32: Operador/a codificador/a de datos de defensa contra incendios forestais	
IV-03: Auxiliar sanitario, auxiliar clínica, auxiliar psiquiátrico/a	Corpo de Auxiliares de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Auxiliares de Clínica (subgrupo C 2)
IV-04: Auxiliar fogar, cuidador/a auxiliar, auxiliar cuidador/a, auxiliar de internado	Corpo Auxiliar de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A. de Galicia –Escala de Coidadores (subgrupo C 2)
III-99: Coidador/a a extinguir	
IV-05: Oficial /a 2ª cociña, cociñeiro/a oficial 2ª	Corpo Auxiliar de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A.de Galicia - Escala de Oficiais 2ª de Cociña (subgrupo C2)



Versión 01.07.2019

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE:
IV-06: Axudante/a de servizos técnicos, oficial/a 2ª de mantemento	Corpo auxiliar de carácter técnico de Administración especial da C.A. de Galicia – Escala auxiliar de mantemento (subgrupo C 2)
IV-18: oficial de 2ª.	
IV-11: Auxiliar de laboratorio	Crear Escala no Corpo de Auxiliares de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A. de Galicia –Escala de Auxiliar de Laboratorio (subgrupo C 2)
IV-16: Conductor/a	Corpo Auxiliar de Administración Especial da C.A. de Galicia- Escala de Conducción e Mecánica (subgrupo C 2)
IV-40: oficial 2ª forestal	Corpo auxiliar de carácter técnico de Administración especial da C.A. de Galicia –escala de axudantes de recursos naturais ou forestais (subgrupo C 2).
IV-42: oficial/a de establecemento	
IV-09: oficial agrario/a	
IV-33: Bombeiro/a Forestal Conductor de Motobomba	Corpo de Auxiliares de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A. de Galicia- Escala Auxiliar do SPDCIF Especialidade Bombeiro Forestal –Conductor Motobomba (subgrupo C 2)
IV-35: Auxiliar de Arquivos e Bibliotecas	Corpo de Auxiliares de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala de Arquivos, Bibliotecas e Museos Especialidade de Arquivos e Bibliotecas (subgrupo C2)
IV-36: Auxiliar de Museos	Corpo de Auxiliares de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala Auxiliar de Arquivos, Bibliotecas e Museos Especialidade de Museos (subgrupo C 2)
IV-43: Xerocultor/a	Corpo de Auxiliares de Carácter Técnico de Administración Especial da C. A. de Galicia- Escala de Xerocultor/a (subgrupo C 2)
IV-44: PSX	Corpo Auxiliar de Administración Xeral da C.A. de Galicia – Escala de PSX (subgrupo C 2)

GRUPO V

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE
V-01: camareiro/a – limpador/a, axudante de cociña, pasador/a de ferro- lavandeiro/a, costureiro/a, cortador/a, pasador/a de ferro, lavandeiro/a.	Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración Xeral da C.A.de Galicia Escala de persoal de limpeza e cociña
V-11: Limpador/a, fregador/a empregado/a comedor, empregado/a cociña, pinche, servizo doméstico, mozo/a de limpeza, pinche de cociña.	
V-02: axudante de traballos ou oficios, axudante albanel, peón especializado, fontaneiro, hortelán/n, axudante traballos, encargado/a xardín	Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración Xeral da C.A. de Galicia Escala de persoal axudante de traballos u oficios
V-03: Ordenanza, celador/a, vixilante de oficinas, vixilante nocturno/a, vixilante, subalterno/a, porteiro/a recepcionista, telefonista, sereno/a, garda.	Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno da Administración Xeral da C.A.de Galicia
V-10E: vixilante de arquivos, bibliotecas e museos	
V-12: peón/oa, laborante, varredor/a, mozo/a servizos, mozo/a laboratorio, xardineiro/a, mozo/a transportes, peón/oa xardineiro/a, mozo/a subalterno, mozo/a mantemento/a, mozo/a subalterno.	





Versión 01.07.2019

CATEGORÍA PROFESIONAL PERSOAL LABORAL:	ESCALA PERSOAL FUNCIONARIO EQUIVALENTE
V-08: peón/a agrario/a	Agrupación profesional do persoal funcionario da Administración Xeral da C.A. de Galicia – escala de persoal subalterno de recursos naturais ou forestais
V-10F: peón/a forestal	
V-10B: Vixilante fixo de defensa contra incendios forestais	Corpo de Auxiliares de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala Auxiliar do SPDCIF Especialidade de Vixilante Fixo (subgrupo C 2)
V-10C: Emisorista de defensa contra incendios forestais	Corpo de Auxiliares de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A. de Galicia – Escala Auxiliar do SPDCIF Especialidade Emisorista (C 2)
V-14: Bombeiro/a Forestal	Corpo de Auxiliares de Carácter Técnico de Administración Especial da C.A. de Galicia - Escala Auxiliar do SPDCIF –Especialidade Bombeiro Forestal Conductor (subgrupo C 2)
V-14 A: Bombeiro Forestal Conductor	

